

Só me puxen unha gravata dúas veces na vida, na miña primeira comunión e no servizo militar obrigatorio. As dúas por imperativo social e, como tal, así quedaron oficialmente rexistradas nunhas pequenas fotografías que, coido, garda miña nai. E nas dúas ocasións, a gravata era de pega, desas que veñen cunha gomiña elástica. A verdade é que, co tempo, un vai escollendo e definindo o xeito de suicidarse, cousa, no fondo, moi persoal. E o aforcamento non é o meu. Demasiado físico e rechamante. E, ademais, co abafante peso dunha longa tradición. Non. Temos que procurar unha boa relación entre fondo e forma. Unha confluencia entre a personalidade do suicida e a técnica empregada. Nada de copiar por copiar. Estou en contra dos suicidios por imitación, dos que seguen unha moda, os que negan a singularidade, dos que manteñen unha suposta tradición tribal. Temos que aceptar, xa dunha vez, a modernidade. A min gústanme os sistemas mais etéreos e vaporosos. Silenciosos e recollidos. Sen sangue nin berros. Sen doado vitimismo. Debe ser cousa do pudor, falta de autoestima, ou mesmo de preguiza. Non sei. Doutores teñen as igrexas da psiquiatría, a psicoloxía ou da psicanálise. Que falen eles. A cuestión é que, daqueles medios de libre disposición, prefiro o cálido monóxido de carbono, malia que non é barato produci-lo e, ademais, nada bo para o medio ambiente, aínda que nos derradeiros intres, supoño, os cartos e a contaminación ambiental deixan de ser unha prioridade. Seica vou ter un gran problema co novo automóbil eléctrico, aínda que os malos resultados das últimas conversas de Durban, e as negativas, por parte dalgúns países, de asinar os protocolos de Kioto, suxiren décadas de esperanza.

As Autoridades Sanitarias advirten que os compoñentes deste kit só prexudican gravemente a súa saúde.

Ah! O Nadal!. Un quería-se achegar aos aspectos sociais da vestimenta, á redundante uniformidade dos uniformes, e remata falando do suicidio. A verdade é que o Nadal, ou mais ben, o posnadal, ven a ser un tempo dual, extremo, polar. Na corpulenta imaxe de Santa Claus, só ves quilos de colesterol. En poucos minutos, arrolados polas panxoliñas, precipitámonos desde as estreladas cumes da felicidade inesgotable ao abismo mais escuro e pesimista. Non sei. Coido que son os recendos do grande trauma infantil de descubrir a verdadeira identidade dos Reis. O que explicaría, tamén, o reducido sentimento monárquico deste país. Mais iso é outro tema. Censurado.

As Autoridades Sanitarias advirten que os compoñentes deste kit poden matar.

Se agora, no noso tempo, resúltanos arrepiante a imaxe dun terrorista cunha bomba no peito, non deberíamos esquecer aos protagonistas do santoral católico. Leede as Vidas dos Santos.

Ou, mellor, as súas mortes. Edificante. Nunha ruda comparación, os escritos do Divino Marqués pertencen á categoría da literatura para nenos. Mais, estas son as excepcións, moi festexadas, do martirio e o suicidio por honra. Pois a regra histórica evidencia a prolongada condena ou rexeitamento do suicidio polos poderes e institucións sociais, amosándoo como froito do egoísmo, a traizón, ou mesmo, no Estado Sanitario actual, como unha proba de tolemia. Tanto ten que sexan institucións autoritarias ou democráticas, de dereitas ou esquerdas, relixiosas ou laicas. Só está ben visto suicidarse en grupo, dun xeito rápido e barato, polos efectos colaterais dunha boa guerra, de fame nos países de moita calor, ou, moito mais lentamente, pola contaminación, o burato de ozono, o quentamento global e todas esas cousas das que falaba Al Gore.

As Autoridades Sanitarias advirten que os compoñentes deste kit poden prexudicar gravemente a saúde do feto.

Fagamos un esforzo democrático e rexeitemos vellos prexuízos de clase, etnia ou relixión. Na pudorosa intimidade do fogar ou guindándose, na hora punta, do mais alto dun rañaceos construído sen licenza, o suicidio amosaríase como unha afirmación de teimuda autonomía, unha expresión transcendente da identidade, unha interpretación crítica da vida, unha forma singular da diversidade. Nada disto é novo, pois, desde Cleopatra ata o bonzo budista, enchoupado de gasolina, o suicidio contén unhas dimensións estéticas e expresivas que posúen a densidade e o sentido dunha verdadeira linguaxe. **A novelista inglesa Virginia Woolf encheuse os petos con pedras e camiñou baixo as augas dun río, mentres que a poeta arxentina Alfonsina Storni, di a canción, preferiu mergullarse cos peixes e as cunchas do Mar del Plata. A auga como fonte de vida e medio de purificación. Só os grandes poetas, coñecedores, de primeira man, das ambigüidades e arcanos da poesía, poden suicidarse dese xeito.**

Non esquezamos que a meirande parte da xente non adoita facer uso da súa imaxinación, e menos nesas circunstancias. Porque os suicidios creativos son minoritarios. Un bo suicidio é unha arte, unha derradeira e abraiante performance, unha innovadora composición de ocasión, medios, tempo e lugar que crea escola. Desde esa perspectiva, temos que aceptar que non todo o mundo ten alma de artista. O xenio e o talento non son democráticos. Endexamais o foron. Esa é a dolorosa verdade, e, tamén, porque non?, miremos o lado bo, unha excelente razón para suicidarse.

As Autoridades Sanitarias garanten que os compoñentes deste kit pasaron todos os controis e probas de calidade, seguridade e resistencia.

O kit individual de solucións ao suicidio, ou KISS, por iso de simplificar, ofrece un equipamento

básico que facilita a propia morte en calquera situación e lugar. As ganas veñen cando veñen. KISS ven a cubrir ese oco, esa necesidade. Trátase de favorecer un tránsito digno a todo aquel que sinta o impulso, que arrastre unha irresistible vocación. Esa é a premisa fundamental de KISS. A súa función básica. Rigorosamente democrática. Como resultado de moitos anos de investigación, KISS preséntase nun estoxo de calidade, persoal e intransferible, que o usuario pode levar sempre consigo. Un obxecto das dimensións, pouco mais ou menos, dun teléfono móbil, producido en serie con todas as garantías, cun deseño funcional e atractivo que permite unha distribución ampla e barata en todas as capas da poboación. No interior atopamos unha extensa mostra de pímulas e xaropes, cadanseu co seu prospecto, indicando o fármaco, os tempos, as doses e as contraindicacións. **Sen letra pequena.** Unha correcta información é imprescindible nun produto destas características, pois non hai nada peor que un suicida frustrado. E coas novas xeracións de avogados, sempre dispostos a esixir responsabilidades, todo erro ou defecto págase moi caro. Por iso, as instrucións de uso, ben acompañadas de gráficos, ofrécese en varias linguas, mesmo respectando as variedades e dialectos locais, e rexeitando o modelo de instrucións dos electrodomésticos que só veñen en árabe, chino e inglés, ademais de confusos e mal traducidos. Engadimos, tamén, unha corda resistente, dun longo axeitado á altura dos pequenos apartamentos actuais, unha manguera de goma adaptada a todo tubo de escape, unha boa navalla barbeira, un cable eléctrico de alta voltaxe, cun enchufe macho estándar, e ben peladiño no outro extremo, unha bolsa de plástico de El Corte Inglés da máxima resistencia, cunha goma ou adhesivo que axusta ben ao pescozo, e unhas esposas que impidan o sempre incómodo arrepentimento provisional.

Rexeitamos as bolsas do Froiz porque teñen uns buraquinhos disimulados no fondo, ademais dun baixo orzamento publicitario.

KISS inclúe tamén un mapa coas vías, percorridos e horarios dos trens, que nalgúns grandes cidades substitúese por un sinxelo plano do metro. Este equipamento, cheo de solucións para unha morte rápida e indolora a prezos populares, atoparíase incompleto sen o universal bolígrafo-pistola, coa potencia e calibre precisos para que, introducido pola boca ou o nariz, suicide, de contado, ao usuario, sen emporcallar moito as paredes. Non esquezamos que, coas lóxicas excepcións, o suicida non desexa molestar a ninguén, e menos á súa familia. A familia é o primeiro, a unidade primordial dunha civilización que mereza tal nome. Sábeno ben os vellos, minusválidos e parados deste país. E o derradeiro xesto do suicida, o seu berro crítico e inconformista, posúe un sentido, existencial e abstracto, dirixido ao conxunto da sociedade, a ese burato negro do universo.

Todo aquel medio que implique un suicidio pracenteiro e espazado no tempo, non é obxecto das funcións e prioridades deste kit.

Normal. KISS é un produto imprescindible, promovido pola empresa privada, pensado para gañar cartos a esgalla, que conta con axudas e subvencións a fondo perdido do Estado, as Comunidades Autónomas e a Unión Europea. Se mal asumimos os recortes na sanidade e no ensino, non podemos aceptar o financiamento institucional daqueles padais exquisitos que procuran o goce dun suicidio lento. Non dan as contas. O que desexe matarse con grandes

ceas e orxías, fornicando sen protección con todo o que se move, bebendo ríos dun exclusivo whisky de malte, ou fumando como Santiago Carrillo, que pague do seu peto. Penso o mesmo das pracenteiras sustancias ilegais, esnifadas, inxectadas ou inhaladas, que, digan o que digan, non adoitan matar dun xeito significativo. Debe ser cousa da adulteración. O certo é que o Estado do Benestar non pode sufragar, e moito menos agora, os modelos La Grande Bouffe a longo prazo. Para iso xa temos os amplos e xenerosos investimentos en contaminación ambiental, aínda pouco coñecidos e divulgados. A obriga dun estado democrático é defender uns mínimos estándares públicos de axuda ao suicidio, pensando, tamén, nesa parte da poboación que cubre o seu lecer nos centros comerciais, pasa as súas vacacións en Punta Cana, aliméntase de comida lixo no McDonalds, Burger King ou Telepizza, e segue de cotío as tristes vicisitudes de Cayetana ou Belén Estéban nos programas do corazón. Non todos pertencemos a unha clase política onde non existe o paro, nin recibimos pensións de ex-cónxuxes, ex-ministros, ou mesmo, ex-presidentes, que, ademais, atopan traballo por horas en Gas Natural ou no imperio mediático de Murdoch. Non todos casamos con princesas, reais ou bastardas, pois non hai tantas, malia os esforzos do noso xeneroso rei, que fixo todo o que estivo na súa man, é un dicir, para estimular a produción das segundas. Para rematar, non todos mantemos proveitosas fundacións sen ánimo de lucro, nin somos financeiros xenerosamente prexubilados como José Luis Mendez ou José Luis Pego. Iso si, nun xesto coherente, deberíamos aumentar, ao máximo, a fiscalidade das herdanzas, pois a actual redución ou anulación do imposto de sucesións, ademais de promover a fraude, é dicir, o suicidio aparente dos proxenitores, é contraria ao verdadeiro espírito liberal, beneficia ás clases mais favorecidas economicamente, racha coa igualdade de orixe, e promove, ao final, unha oligarquía de sangue, preguizosa, non produtiva e afín ao sector financeiro, que non adoita suicidarse. Non. Estas minorías non se suicidan. As veces me pregunto porqué. Que é o que facemos mal?